

## Xustificación

A cooperación entre GDR ten demostrado ser un canal moi efectivo para o intercambio e a transferencia de experiencias, así como para amplificar actuacións de éxito en determinados territorios.

Os **plans de cooperación** das súas Estratexias de Desenvolvemento buscan optimizar recursos para resolver problemáticas comúns.


## Antecedentes

Rede Ecocomedores xurde do proxecto de cooperación 2018 “Alimentos da Biosfera”, que desenvolveu proxectos piloto para a promoción de produto local nas escolas con cociña propia.

Dado o éxito da iniciativa, preséntase este novo proxecto que incorpora as aprendizaxes previas e novos GDR socios.

## Ámbito xeográfico

Forman parte deste proxecto de cooperación un total de **11 Grupos de Desenvolvemento Rural**, que representan case a metade dos que na actualidade traballan en Galicia.



# Rede ECOCOMEDORES

para animar o consumo de produtos ecolóxicos,  
de tempada e proximidade en centros escolares



Proxecto de cooperación entre Grupos de  
Desenvolvemento Rural de Galicia 2022-2023



L22-1930-23-002

# Obxectivos

A finalidade do proxecto é impulsar desde os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) a incorporación de centros educativos nunha nova “Rede”, que se chamará **Rede Eco-Comedores**, coa finalidade de que inclúan nos seus menús produto local, de tempada e ecolóxico.



Defínense tres obxectivos específicos:

- 1** Acompañar á comunidade escolar durante o curso 2022-2023 para revisar os menús de cada centro, analizando as necesidades e cambios para a incorporación de produto local, de tempada e ecolóxico.
- 2** Promocionar os produtos locais, facilitando a comercialización en circuitos curtos e o contacto entre as escolas e as explotacións agrarias, contribuíndo así á diminución da pegada de carbono dos alimentos.
- 3** Divulgar o proxecto entre as familias, equipos educativos e a sociedade en xeral.

# Actuacións a desenvolver

- 1 Asesoramento nutricional a centros escolares:**
  - Programación de menús.
  - Cálculo da cantidade de verduras e coordinación coas explotacións.
  - Cálculo do custe da partida alimentaria.
  - Ampliacións dos protocolos de cociña.
  - Resolución de dificultades.
- 2 Seminarios de formación a persoal de cociña:** charlas teóricas e obradoiros prácticos para a elaboración de pratos con alimentos de tempada e cálculo de ingredientes para a elaboración de fichas técnicas.
- 3 Xornadas de menú de produto local:** organización de xornadas en cada un dos centros educativos participantes.
- 4 Información e comunicación:** elaboración de materiais divulgativos e organización de eventos de difusión.



# Territorios participantes



Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos (GDR-23); 981 669 541



Asociación Seitura 22 (GDR-24); 981 333 398



Asociación Ulla-Tambre-Mandeo (GDR-20); 981 511 377



Asociación Terras de Miranda (GDR-01); 982 507 111



Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá (GDR-02); 982 512 369



Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo (GDR-04); 982 238 000



Asociación Montes e Vales Orientais (GDR-03); 982 355 290



Asociación de Desenvolvemento Rural Limia-Arnoia (GDR-10); 988 442 535



Asociación Miño-Ulla (GDR-05); 982 462 197



Asociación Condado-Paradanta (GDR-13); 986 663 329



Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eu Rural (GDR-14); 986 443 030